

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 1/08/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Adxudicación definitiva Obra Plan de Camiños Municipais 2018-2019.--
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:10** horas do día **1/08/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 25 de Xullo de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes. --

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JUAN LIÑEIRO DÍAZ**, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1.884 de 22/06/2017) para proceder á realización de obras consistentes na limpeza de fachadas, colocación de rede e corcho con acabo de pintura en cor branco nunha vivenda con Referencia Catastral 8606301MH7580N0001HT, mediante ocupación da vía pública con andamios nunha superficie de Oito metros lineais (8),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de

data 13 de Xullo de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

3º.- Adxudicación definitiva Obra Plan de Camiños Municipais 2018-2019.--

Examinado o expediente tramitado mediante **procedemento aberto simplificado** para adxudicación da Obra denominada "**Mellora de Camiños Municipais 2018-2019 Camiño de Escaselas a Praia do Rosto-Fisterra**" cun presuposto total de Corenta mil setecentos cincuenta e cinco euros con noventa céntimos (40.755,90 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó proxecto redactado ó efecto pola Arquitecta Carolina Cajide Barbeito e con Subvención outorgada por parte da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) mediante Resolución de data 2 de Maio de 2018 e ,

Vista a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación na reunión do día 12 de Xullo de 2018 e a documentación requerida que foi presentada por parte da Empresa seleccionada o día 31 de Xullo de 2018 a través do Rexistro Xeral de Entrada número, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.-Adxudicar definitivamente dita Obra en favor da Empresa **Excavaciones Agra Castro S.L.** con CIF B15490527 e domicilio social na localidade de Barbeira-Fontecada s/n do Termo Municipal de Santa Comba , Código Postal 15837 nun importe total de **Vinte e tres mil catrocentos noventa e tres euros con cincuenta e nove céntimos** (23.493,59 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de **Catro mil novecentos trinta e tres euros con sesenta e cinco céntimos** (4.933,65 €) ó tratarse da proposta económica mais vantaxosa, dado que supón unha baixa de Doce mil trescentos vinte e oito euros con sesenta e oito céntimos (12.328,66 €) en relación co tipo de licitación tal e como queda acreditado no expediente.--

2.- Notificar dito acordo o adxudicatario facéndolle saber que a formalización do contrato administrativo efectuárase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes ó recibo desta notificación.-

Asimesmo notificaráse aos licitadores presentados, publicándose esta adxudicación no perfil do contratante.-

3.- Facultar o Sr. Alcalde para que no nome e representación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

4º.- Asuntos varios.-

Padróns Fiscais ano 2018

A) Unha vez examinado o Padrón Fiscal Municipal da Taxa por Subministro de Auga confeccionado para o ano 2018 e encontrándoo conforme, a Xunta de Goberno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda:

1.º- Aprobar inicialmente o devandito Padrón fiscal por un importe total de Douscentos sesenta e tres mil douscentos sesenta e sete euros con dezaioito céntimos (263.267,18 €) incluídos o Imposto sobre o valor Engadido e o Canon de Auga Xunta.

2º.- Expoñelo ao público por espazo de UN MES contado desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Artículo 124.3 da Lei 230/63 de 28 de Decembro).-

B) Unha vez examinado o Padrón Fiscal Municipal da Taxa por Saneamento e Depuración de Augas confeccionado para o ano 2018 e encontrándoo conforme, a Xunta de Goberno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda:

1.º- Aprobar inicialmente o devandito Padrón fiscal por un importe total de Cento vinte e dous mil setecentos corenta e nove euros con sesenta e sete céntimos (122.749,67 €).-

2º.- Expoñelo ao público por espazo de UN MES contado desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Artículo 124.3 da Lei 230/63 de 28 de Decembro).-

C) Unha vez examinado o Padrón Fiscal Municipal da Taxa por Utilización privativa ou aproveitamento especial por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de aparcadoiro exclusivo, carga, descarga e outras actividades en interese particular ano 2018 e encontrándoo conforme, a Xunta de Goberno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda:

1.º- Aprobar inicialmente o devandito Padrón fiscal por un importe total de Cinco mil cincocentos cincuenta e cinco euros con cincuenta céntimos (5.555,50 €).-

2º.- Expoñelo ao público por espazo de UN MES contado desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Artículo 124.3 da Lei 230/63 de 28 de Decembro).-

CERTIFICACIÓN OBRA

Una vez examinada e encontrándoa conforme por axustarse a realidade, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a certificación por acopio de materiais expedida por parte do Contratista adxudicatario, Carlos Liñeiro Martínez, con domicilio na localidade de Vilastose, Termo Municipal de Muxía, resultantes da confección das fiestras do edificio "O Semáforo " por un importe total de Vinte e seis mil setecentos setenta e seis euros con setenta e seis céntimos (26.776,76 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido a instalar posteriormente por imposibilidade de efectualo nestas datas por funcionamento do servizo público en rexime de concesión administrativa.—

AXUDAS ECONÓMICAS

- A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a Ana María Díaz Buiturón, veciña de Fisterra, como representante da Asociación O Val de Sardiñeiro, unha axuda para o pago da utilización dun xenerador co motivo das Festas nesa localidade os días 24, 25 e 26 de Agosto de 2018 .--

- A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a María Soledad Santos Suárez, veciña de Fisterra, como representante da Asociación Cultural de Vigo de Mallas unha axuda polo importe de Cincocentos euros (500,00 €) coa finalidade de sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da organización das Festas na honra de San Ramón na citada localidade.-

Deberá presentar Memoria Xustificativa dos gastos efectuados antes do 31 de Decembro de 2018.-

- A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a Asociación de Veciños Virxe do Carmen de Sardiñeiro, con CIF G15894173 e domicilio social en Sardiñeiro de Abaixo do Termo Municipal de Fisterra, unha axuda de Mil euros (1.000 €) coa finalidade de sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da organización das Festas na honra de Nosa Señora do Carmen nesa localidade.-

Deberá presentar Memoria Xustificativa dos gastos efectuados antes do 31 de Decembro de 2018.-

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. C. M. L., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00€) para gastos de primeira necesidade e manutención; todo elo por tratarse de persoa carente de medios económicos.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda **Denegar a S. M. S. F.,** veciña de Fisterra, a axuda solicitada, toda vez que nestes momentos conta con medios económicos para facer fronte os seus gastos de primeira necesidade tal e como queda acreditado no Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente.---

PLAN ESTRATÉXICO DE TURISMO

Unha vez examinada a documentación presentada por parte de **Pqliar Consulting S.L.,** con CIF B70053111 e domicilio social na rúa Horreo, 106 de Santiago de Compostela (CP 15702), a Xunta de Goberno Local por unanidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar a **Xustificación parcial da redacción do Plan Estratégico de Turismo de Fisterra en base o Informe emitido por parte desta Empresa Adjudicataria que consta no expediente.-**

2) Aprobar a Factura número 1032 / 18 de data 18 de Xullo de 2018 expedida ao efecto pola citada Empresa nun importe de seis mil seiscentos cincuenta e cinco euros (6.655,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debéndose proceder o seu pago con cargo o Presupuesto Ordinario de 2018.-

VADOS PERMANENTES

ALTAS

A) Visto o escrito presentado co número 2347 (RE) de 7/8/2017, por **Juan Marcos Traba Canosa,** no que solicita autorización para a instalar na parcela con referencia catastral 8611401MH7581S0001UU, un vado permanente de 3 metros de longo, que facilite a entrada e saída de vehículos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º **Conceder a Juan Marcos Traba Canosa,** licenza para a instalación do vado permanente número **4/2018** (chapa número **128**) de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 61 a 120 m2, coa finalidade de facilitar a entrada e saída de vehículos condicionada a que:

a) Deberá instalar, na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como, para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc...), de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vao deberán realizarse de acordo coas condicións que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

- Incluílo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de via pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2018, cunha cota anual de **sesenta e catro euros** (64,00 €).

-Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o periodo de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicite a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

-Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terá, en todo caso, carácter preferente.

2º Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa do vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:15 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.